

## XX Carreira Pedestre Popular Concello de Ames

**DATA:** 20 de outubro de 2019

**LUGAR:** Rúa Alcalde Lorenzo de Bertamiráns (Inmediacións da Casa do Concello)

### **REGULAMENTO DA PROBA**

1. O Concello de Ames organiza co control técnico da Federación Galega de Atletismo, o domingo 20 de outubro a vixésima edición da Carreira Pedestre Popular Concello de Ames. Esta proba pertence ao **VII CIRCUITO PROVINCIAL DE CARREIRAS POPULARES DA DEPUTACIÓN**.

2. As probas disputaranse o domingo, 20 de outubro, na localidade de Bertamiráns. A saída e chegada de cada proba farase na Rúa Alcalde Lorenzo de Bertamiráns (inmediacións da Casa do Concello). O circuío da proba absoluta estará debidamente sinalizado, contará con indicacións en cada quilómetro e estará homologado na distancia de 10 km pola **Real Federación Española de Atletismo**.



3. Na carreira poderán participar todas aquelas persoas que o desexen, con ou sen licenza federativa. O control da carreira estará a cargo do Comité de Xuíces da Federación Galega de Atletismo.

4. As inscricións da carreira en todas as súas categorías realizaranse a través da web [www.emesports.es](http://www.emesports.es) enchendo o formulario de inscrición. Tamén se poderá realizar presencialmente na seguinte tenda deportiva:

- **Deportes Amesport:** Avenida da Maía 83 Baixo (Bertamiráns- Ames)

*O prazo de inscrición para a carreira popular rematará o **mércores 16 de outubro ás 23:59 horas**.*

### **PREZOS DA INSCRICION**

 Categorias escolares (de pitufo a xuvenil):	<b>GRATUITA</b>
 Proba absoluta (de junior a veterano):	<b>6 €</b>

\* Poderase formalizar o pagamento a través da pasarela de pago na propia web.

\*\* Non se admitirán inscricións fora do prazo establecido, nin o día da carreira.

**NO MOMENTO DA INSCRICIÓN DEBERÁ ACREDITARSE A MARCA NA DISTANCIA DE 10 KM EN RUTA (SÓ EN PROBAS HOMOLOGADAS)**

5. Os dorsais retiraranse na secretaría da organización situada na Casa do Concello (Praza do Concello nº 2- Bertamiráns) o día anterior á carreira (sábado, 19 de outubro) en horario de 17:00 a 20:00 horas ou no mesmo día da carreira ata media hora antes da proba correspondente. **PARA NON GARDAR COLAS RECOMÉNDASE RECOLLER O DORSAL O DÍA ANTERIOR NO LUGAR ESTABLECIDO.**

6. A carreira estará controlada ao longo de todo o percorrido a través dun chip que se entregará a cada corredor/a xunto cun dorsal de competición. Todo/a corredor/a que chegue á meta sen o seu dorsal ou sen o seu chip ou non o leve o dorsal colocado de xeito correcto, na parte anterior do corpo, será automaticamente descalificado/a.

## 7. TROFEOS E PREMIOS EN METÁLICO

- Recibirán trofeos os/as tres primeiros/as clasificados/as de cada categoría establecida no presente reglamento e tamén os/as tres primeiros/as clasificados/as da proba absoluta.
- Na proba absoluta recibirán trofeo os/as tres primeiros/as clasificados/as locais empadroados/as no Concello de Ames.
- Tamén recibirán trofeo os 3 primeiros clubs da carreira absoluta.

Os premios non serán acumulativos, de xeito que ningún corredor/a poderá recibir dous trofeos (agás os premios aos/as atletas locais).

### PREMIOS EN METALICO INDIVIDUAIS PROBA ABSOLUTA:

<b>1º/1ª CLASIFICADO/A</b>	<b>250,00 €</b>
<b>2º/2ª CLASIFICADO/A</b>	<b>200,00 €</b>
<b>3º/3ª CLASIFICADO/A</b>	<b>100,00 €</b>
<b>4º/4ª CLASIFICADO/A</b>	<b>50,00 €</b>

### PREMIOS EN METALICO A CLUBES FEDERADOS PROBA ABSOLUTA:

<b>1º CLUB FEDERADO CLASIFICADO</b>	<b>250,00 €</b>
<b>2º CLUB FEDERADO CLASIFICADO</b>	<b>175,00 €</b>
<b>3º CLUB FEDERADO CLASIFICADO</b>	<b>100,00 €</b>
<b>4º CLUB FEDERADO CLASIFICADO</b>	<b>75,00 €</b>

A clasificación de clubs establecerase a través dos 10 primeiros clasificados do mesmo, sexan homes ou mulleres, pola suma dos seus postos. Os mesmos deberán estar compostos alo menos por 10 compoñentes que crucen a liña de meta e que teñan a licenza federativa en vigor.

A entrega de trofeos farase ao remate de todas as probas diante da Casa do Concello.

Non haberá premios nin trofeos para os/as participantes das categorías prebenxamín e pitufo. Nestas categorías entregaráselle unha medalla de chocolate a cada participante.

Aos/ás atletas que obteñan algún premio poderáselles solicitar que acrediten a súa idade coa presentación do DNI ou pasaporte.

8. Os e as participantes deberán colocarse na zona de saída 10 minutos antes do comezo da súa proba. Na proba absoluta estableceranse caixóns de saída, polo cal os atletas participantes deberán acreditar no momento da inscrición a súa marca en 10 km en ruta.

9. Aínda que a proba sexa de carácter estritamente deportivo e popular, admitiranse reclamacións, pero agárdase un espírito e un comportamento deportivo por parte de todos os e as participantes. As reclamacións aos resultados oficiais formularáselle ao xuíz árbitro da competición non máis tarde de 30 minutos despois da publicación dos resultados.

**10.** O horarios das saídas poderán ser modificados, a criterio do xuíz árbitro da proba, en función do número de participantes de cada categoría.

**11.** Nesta proba a participación de atletas extranxeiros e de outras federacións autonómicas rexirase de acordo co disposto no artigo 3.4. do “REGLAMENTO PARA LAS COMPETICIONES DE CAMPO A TRAVÉS, MARCHA, RUTA, TRAIL Y PISTA 2018-2019”. Máis información de esta norma no ligazón:

[http://www.rfea.es/normas/pdf/reglamento2019/06\\_ReglamentoCompeticiones.pdf](http://www.rfea.es/normas/pdf/reglamento2019/06_ReglamentoCompeticiones.pdf)

**12.** Haberá servizo de duchas a disposición dos atletas no Pavillón Polideportivo Municipal de Bertamiráns.

**13.** Todo o non recollido neste regulamento resolverase de acordo co Regulamento da **FGA** e **RFEA** en vigor.

**14.** Establécense as seguintes categorías, segundo o ano de nacemento:


<b>HORARIOS</b>			
<b>CATEGORÍA</b>	<b>ANO DE NACEMENTO</b>	<b>DISTANCIA</b>	<b>HORARIO</b>
<b>PITUFO FEMENINO</b>	<i>nados/as no 2015 e posteriores</i>	<b>200 m aprox</b>	<b>12:00 horas</b>
<b>PITUFO MASCULINO</b>			<b>12:05 horas</b>
<b>PREBENXAMÍN FEMENINO</b>	<i>nados/as no 2012, 2013 e 2014</i>	<b>350 m aprox</b>	<b>12:10 horas</b>
<b>PREBENXAMÍN MASCULINO</b>			<b>12:20 horas</b>
<b>SUB 10 FEMENINO</b>	<i>nados/as no 2010 e 2011</i>	<b>1.000 m aprox</b>	<b>12:30 horas</b>
<b>SUB 10 MASCULINO</b>			<b>12:40 horas</b>
<b>SUB 12 FEMENINO</b>	<i>nados/as no 2008 e 2009</i>	<b>1.000 m aprox</b>	<b>12:50 horas</b>
<b>SUB 12 MASCULINO</b>			
<b>SUB 14</b>	<i>nados/as no 2006 e 2007</i>	<b>2.000 m aprox</b>	<b>13:00 horas</b>
<b>SUB 16</b>	<i>nados/as no 2004 e 2005</i>		
<b>SUB 18</b>	<i>nados/as no 2002 e 2003</i>	<b>5,25 km (1 volta)</b>	<b>10:30 horas</b>
<b>SUB 20</b>	<i>nados/as no 2000 e 2001</i>	<b>10 km homologados pola RFEA</b>	
<b>SUB 23</b>	<i>nados/as no 1997, 1998 e 1999</i>		
<b>SENIOR</b>	<i>nados/as entre 1985 e 1996</i>		
<b>MASTER 1 MASC/FMNO</b>	<i>nados/as entre 1979 e 1984</i>		
<b>MASTER 2 MASC/FMNO</b>	<i>nados/as entre 1970 e 1978</i>		
<b>MASTER 3 MASC/FMNO</b>	<i>nados/as entre 1960 e 1969</i>		
<b>MASTER 4 MASC/FMNO</b>	<i>nados/as en 1959 e anteriores</i>		



## PERCORRIDOS

Sub 18 (1 volta) sub 20, sub 23, sénior e máster 1, máster 2, máster 3 e máster 4  
(10 km): 10:30 horas

PLANO PROBA ABSOLUTA (2 VOLTAS)



PITUFO FEMENINO	nadas no 2015 e posteriores	200 m aprox	12:00 horas
PITUFO MASCULINO	nados no 2015 e posteriores	200 m aprox	12:05 horas
PREBENXAMÍN FEMENINO	nadas no 2012, 2013 e 2014	350 m aprox	12:10 horas
PREBENXAMÍN MASCULINO	nados no 2012, 2013 e 2014	350 m aprox	12:20 horas



\* Percorrido de 350 metros

SUB 10 FEMENINO	nadas no 2010 e 2011	1.000 m aprox	12:30 horas
SUB 10 MASCULINO	nados no 2010 e 2011	1.000 m aprox	12:40 horas
SUB 12 ALEVÍN	nados/as no 2008 e 2009	1.000 m aprox	12:50 horas
SUB 14 INFANTIL	nados/as no 2006 e 2007	2.000 m aprox (2 voltas)	13:00 horas
SUB 16 CADETE	nados/as no 2004 e 2005	2.000 m aprox (2 voltas)	13:00 horas




\* Percorrido de 1000 metros

## PLANOS DAS PROBAS ESCOLARES



# CARREIRA PEDESTRE POPULAR CONCELLO DE AMES

- MAPA DE SERVIZOS -



1. Casa do Concello: recollida de dorsais e roupeiro
2. Saída e chegada
3. Praza do Concello: avituallamento, fisioterapeutas e entrega de premios
4. Pavillón Polideportivo: vestiarios e duchas
5. Aparcadoiros